

Protocolo para a xestión e trámite das solicitudes de traslado por matrícula viva ao centro

En aplicación da normativa vixente sobre a xestión das solicitudes de traslado por matrícula viva¹, establécese o procedemento e condicións de acceso para o trámite das solicitudes de traslado por matrícula viva no centro.

XESTIÓN E PRAZOS

1. As solicitudes de traslado por matrícula viva poderanse presentar en calquera data do ano. O prazo recomendado para presentar as solicitudes de acceso ao centro de cara ao curso seguinte será a primeira quincena de xullo.
2. As solicitudes de acceso de cara ao curso seguinte resolveranse en primeira instancia no mes de setembro, antes do comezo das clases.
3. As solicitudes non aprobadas en primeira instancia quedarán a espera de novas vacantes que poidan xurdir ao longo do 1º trimestre do curso.
4. As solicitudes que con data 31 de decembro non teñan sido aprobadas consideraranse rexeitadas, e así lle será notificado aos solicitantes.
5. Sen prexuízo do anterior, no caso das solicitudes que se presenten con posterioridade a esa data, será o consello escolar do centro quen valorará, previo informe da xefatura de estudos, a súa aprobación, atendendo ás circunstancias particulares e a existencia de praza no curso e especialidade solicitada.

RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

A aceptación das solicitudes de traslado de expediente estará suxeita á existencia de prazas vacantes no centro, sendo competente o Consello Escolar do mesmo para resolver a súa admisión de acordo cos criterios acordados en reunión ordinaria do Consello Escolar o día 16/09/2020 e actualizados con data 09/05/2022. As solicitudes ordenaranse conforme aos seguintes criterios:

1 Lexislación de aplicación:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 198/2007 polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música.
- Circular 21/2008 da dirección xeral de formación profesional e ensinanzas especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música
- Circular 15/2011 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

1. Priorizaranse as solicitudes que permitan unha mellor organización e equilibrio da oferta docente do centro.
2. No caso da existencia de varias solicitudes de traslado ao mesmo curso e/ou especialidade, terase en conta o motivo da solicitude segundo a seguinte orde:
 - 1º. *Solicitudes por cambio de domicilio da unidade familiar do alumno/a, no caso de alumnado menor de idade, ou causa considerada suficiente análoga que xustifique o cambio de centro por razón de proximidade e/ou accesibilidade.*
 - 2º. *Traslados relacionados coa realización de outros estudos, universitarios ou de similar índole.*
3. No caso de que os criterios anteriores non foran suficientes para ordenar todas as solicitudes, terase en conta o expediente académico de cada alumno/a.

En todo caso, as solicitudes de traslado que sexan para un curso e especialidade na que existe lista de agarda de acceso ao centro, daráselle prioridade aos aspirantes en lista de agarda fronte ás solicitudes de traslado.